



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME DO CONCELLO DE REDONDEIRA

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL), artigos 57 e 20.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do TRLRFL, acórdase a imposición e ordenación da taxa por dereitos de exame.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, conducente á selección do persoal funcionario e laboral entre os que soliciten participar nas correspondentes probas de acceso ou de promoción aos Corps ou Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas por este Concello.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes nas probas selectivas ás que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 4. DEVENGO

1. O devengo da taxa producirase no momento da solicitude de inscrición nas probas selectivas.
2. Dita solicitude de inscrición non se tramitará en tanto non se faga efectivo o importe da taxa, nos termos previstos no artigo 7 desta ordenanza.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

As tarifas a satisfacer polos servizos regulados nesta Ordenanza serán as que se detallan a continuación, segundo o Grupo ao que correspondan as prazas ou postos convocados:



CONCELLO DE REDONDELA

Grupo Importe (€)

35 euros para prazas do subgrupo A1 ou equiparadas.

30 euros para prazas do subgrupo A2 ou equiparadas.

30 euros para prazas do subgrupo B ou equiparadas.

25 euros para prazas do subgrupo C1 ou equiparadas.

20 euros para as prazas do subgrupo C2 ou equiparadas.

15 euros para as prazas correspondentes a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación

ARTIGO 6. EXENCIONS E BONIFICACIONS

Non se aplicarán exencións ou bonificacións, salvo as que veñan establecidas en normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

1. A taxa regulada nesta ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación. O pagamento da taxa efectuarase a través das entidades financeiras colaboradoras e dentro do prazo previsto para a inscrición no proceso selectivo.

2. A falta de pago da taxa no prazo sinalado no parágrafo anterior, determinará a inadmisión no proceso selectivo.

3. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non se realice a actividade que constitúe o feito imponible da taxa, procederá a devolución do importe correspondente.

4. Os dereitos de exame reintegraranse de oficio ás persoas interesadas que sexan excluídas definitivamente da participación no proceso selectivo.

ARTIGO 8. INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a estas lles correspondan en cada caso, estarase ó disposto no artigo 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.



CONCELLO DE REDONDELA

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte a súa publicación, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza fiscal unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 90, do 11.05.2023